
Baralla, 29 de maio de 2017.- O ALCALDE, Manuel Jesús González Capón

R. 1556

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACION INICIAL DA ORDENANZA XERAL REGULADORA DAS SUBVENCIONS DO CONCELLO DE GUITIRIZ.

Aprobado inicialmente a “Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello de Guitiriz” por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 25/05/2017, e en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, ábrese un período de 30 días contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente na Secretaría deste Concello e formular as alegacións ou suxestións que consideren convenientes. Así mesmo comunicase que transcorrido o devandito prazo sen que se produciran alegacións, a ordenanza considerarase aprobada definitivamente.

A alcaldesa, Regina Polín Rodríguez

R. 1557

Anuncio

APROBACION INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA DO CONCELLO DE GUITIRIZ.

Aprobado inicialmente a “Ordenanza municipal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira do Concello de Guitiriz” por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 25/05/2017, e en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, ábrese un período de 30 días contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente na Secretaría deste Concello e formular as alegacións ou suxestións que consideren convenientes. Así mesmo comunicase que transcorrido o devandito prazo sen que se produciran alegacións, a ordenanza considerarase aprobada definitivamente.

Guitiriz, 26 de maio de 2017.- A alcaldesa, Regina Polín Rodríguez

R. 1558

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 18 de maio de 2017, aprobou a CONTRATACIÓN DO ALUGUER E MANTEMENTO DE DEZ CABINAS SANITARIAS A INSTALAR EN ZONAS VERDES PÚBLICAS DO CONCELLO DE LUGO. (EXPDTE REF: 8-2017).

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

c) Obtención de documentación e información:

1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
3. **Localidade e C.P:** Lugo, 27002
4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.
5. **Telefax:** (982) 29-72-59.

6. **Correo electrónico:** www.contratacion@concellodelugo.org
7. **Dirección internet:** www.Lugo.gal (Perfil do contratante)
8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

d) Número de expediente: 8/2017

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: mixto (servizos e subministros)

b) Descrición: o aluguer e mantemento diario de 10 cabinas sanitarias en zonas verdes públicas do Concello de Lugo

c) División por lotes: NON

d) Prazo de duración/ Prazo de execución: 4 ANOS.

e) Admisión de prórroga: SI

f) Establecemento de acordo marco:NON

g) CPV : CPV 45215500-2 Aseos públicos.

3.- Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinario

b) Procedemento: aberto

c) Criterios de adxudicación: Ver **cláusula décimo segunda** dos pregos de cláusulas administrativas.

4.- Valor estimado do contrato: 148.760,34 euros.

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade)

O prezo do contrato (prezo de licitación) ascende a 24.793,39 € máis o 21% IVE – 5.206,61 € - resultando un total de **30.000 euros anuais IVE incluído**).

6.- Garantías:

a) Provisional: NON procede

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Solvencia: A sinalada na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas

b) Clasificación: NON

c) Outros requisitos: ver cláusula sexta do prego

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise inhábil prorrogarase ata o seguinte día hábil

b) Modalidade de presentación: formato papel.

c) Lugar de presentación:

1. **Dependencia:** Concello de Lugo nas Oficina do Rexistro ou enviadas por correo postal.
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002
4. **Dirección electrónica:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)

d) Admisión de variantes:NON

e) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta: 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data e hora: O terceiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións as 13:30 h. agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.

10.- Gastos dos anuncios: 70,85 euros que serán por conta do adxudicatario.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

12.- Obrigas contractuais esenciais. Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución establecidas nas cláusulas décimo sétima e décimo oitava configuradas como obrigas contractuais esenciais.

Lugo, 26 de maio de 2017.- A TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 1559

MONDOÑEDO

Anuncio

O Excmo. Concello de Mondoñedo, na Xunta de Goberno Local de data 19 de maio de 2017, aprobou aprobou as bases do seguinte proceso selectivo:

8.2. Aprobación das Bases Específicas reguladoras do acceso a unha praza de Operario de Servizos Múltiples, de carácter laboral interno.

Vistas as bases regulaoras para acceso a unha praza de Operario de Servizos Múltiples, de carácter laboral interino, que a continuación se transcribe:

“BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO ACCESO A UNHA PRAZA DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES, DE CARACTER LABORAL INTERINO.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

O obxecto das presentes bases é a cobertura baixo o réxime de interinidade dun posto de traballo vacante na actualidade, de Operarios de Servizos múltiples.

2. CARACTERÍSTICAS DO POSTO:

Grupo. Asimilados a un Grupo E - Agrupacións Profesionais (TREBEP)

Clasificación: Cadro de Persoal Laboral, Administración Especial. Persoal de oficios – operarios.

Adscrición: Urbanismo, obras e servizos, unidade de obras e servizos.

Postos:

- 1 operario para a unidade de obras e servizos.

3. FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO.

As funcións do posto de traballo que se convoca serán:

- Axudar e colaborar na preparación e execución dos traballos da especialidade (electricidade, albanelería, fontanería, carpintería, etc...) máis sinxelos e rutinarios; tales como, mantemento das instalacións eléctricas, mantemento do alumado público, realización de obras de albanelería nas instalacións municipais, realización de mobles de carpintería, etc...
- Plantar, cortar o céspede, podar e demais tarefas de conservación e mantemento dos xardíns, espazos naturais e arbolado do Concello, tanto nos exteriores dos edificios, instalacións deportivas, zonas verdes, parques... do Concello.
- Tarefas propias de mantemento e limpeza de vías públicas municipais.
- Tarefas de mantemento, limpeza e conservación dos edificios, instalacións deportivas e equipamentos municipais.
- Levar a cabo labores de mantemento, limpeza e conservación do mobiliario dos centros e do mobiliario urbano.
- Usar, limpar e facerse cargo das ferramentas, maquinaria e útiles do oficio necesarias para a execución das tarefas.
- Limpeza e mantemento básico dos vehículos de propiedade municipal.